

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO CAMPUS DE CIENCIAS DA SAÚDE, HOXE INTEGRADO EN CAMPUS VIDA

Xuño 2002 –Marzo 2010

Recollemos neste informe, de forma resumida, todas as **actuacións desenvolvidas pola USC dende xuño do ano 2002 en relación co coñecido como *Campus de Ciencias da Saúde***, agora integrado no CAMPUS VIDA.

Con anterioridade a xuño do 2002, e no marco do desenvolvemento da parcela e antigo Hospital de Galeras, a USC asinara un Protocolo de colaboración coa Consellería de Política Territorial e o Concello –data 28 de decembro de 1999-, no que este último se comprometía a ceder á USC unha parcela de 8.095 m² na zona da Choupana para o desenvolvemento do entón denominado Campus de Ciencias da Saúde. Así mesmo, asumíuse que os recursos que obtívase a USC a través da posta en valor dos terreos do antigo Hospital -destinados a vivendas-, así como da parte do edificio que se debe manter en pé, unha vez descontado o pagamento das obrigas de derrubio, urbanización e pagamento á Tesourería da Seguridade Social de 4,5 millóns de euros, serían destinados a investimentos no citado Campus de Ciencias da Saúde. Non obstante, recordemos –[ver Informe sobre o desenvolvemento da parcela e antigo Hospital de Galeras e Informe sobre o endebedamento da USC](#), colgados tamén nesta páxina-, que **na liquidación do orzamento do ano 2001 xa se gastaran 6 millóns de euros con cargo aos recursos que se esperaban obter desta operación. Esta medida tivo como obxecto equilibrar o peche do exercicio económico daquel ano.**

Así mesmo, a USC contratara ao arquitecto D. Manuel Gallego Jorroto, dende maio do 2002, para a redacción dos proxectos arquitectónicos dos edificios do Campus de Ciencias da Saúde.

A parcela que nese momento estaba comprometida para ser cedida polo Concello era a Parcela EU-7, dentro do SUP-5, –Parcela 1-, de 8.095 m² de superficie e con unha edificabilidade duns 8.000 m².



1. ACTUACIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DE TERREOS

Unha vez empezada a análise do programa de necesidades no ámbito das Ciencias da Saúde, o primeiro que se detecta é unha insuficiencia do espazo dispoñible para construír. Nese momento tan só se tiña comprometida a cesión da parcela antes referida, cunha capacidade construtiva duns 8.000 m². Para que se teña unha referencia, só a actual Facultade de Medicina ten 21.176 m² construídos.

Ante esta situación, a USC comeza unha fase de traballo para poder contar con máis terreos que se materializa nas seguintes accións:

1. Negociación co Concello para completar a Parcela 1 coas parcelas anexas –Parcela 2-, así como para incrementar o índice de edificabilidade do Campus Vida e, con iso, poder construír tamén na Parcela 3, xa propiedade da USC, pero na que non se podía construír por falta de edificabilidade. Tamén se solicita do Concello a colaboración para adquirir a propiedade da Parcela 4, -unha zoa denominada “Banco do Pobre”-.

Froito do traballo conxunto co Concello asínase un convenio de colaboración o 10 de marzo do 2005, polo que o Concello se compromete a materializar a cesión da Parcela 1, aínda non realizada, a proceder á cesión da parcela anexa –Parcela 2- e, no marco da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, incrementar a edificabilidade do Campus Vida para poder construír tamén na Parcela 3, así como a viabilizar a adquisición da parcela ocupada polas vivendas do *Banco do Pobre* para a súa cesión á USC. Neste último caso a universidade comprometéase a entregar ao Concello unha parcela no Campus Norte para facer viable economicamente a operación.

No plano adxunto sinálanse as novas parcelas que se incorporan froito do acordo anterior ao proxecto entón denominado Campus de Ciencias da Saúde:



2. Negociación coa Consellería de Sanidade para poder construír a carón do Hospital Clínico Universitario un Aulario que se tiña proxectado para cubrir o programa de necesidades

neste ámbito. Mediante convenio do 30 de xuño do 2005, a Consellería de Sanidade autoriza á USC a construción do citado Aulario –actual Edificio Docente Roberto Nóvoa Santos-, pondo a súa disposición a parcela seguinte:



3. Así mesmo, no marco de traballo conxunto co Concello de Santiago para a consecución de terreos para os edificios do Campus de Ciencias da Saúde-Campus Vida, o 4 de decembro de 2007 asínase un acordo de permuta co Concello, polo que este cede á USC a titularidade dunha parcela entre a estrada de San Lourenzo e o río Sarela –Parcela 6-, de 10.662,24 m², a cambio da cesión por parte da USC dunha parcela de 1.796,51 m² na zona de Galeras -esta última resultado da Operación Galeras-. A parcela que recibe a USC destinarase á construción do CITEV, no marco da colaboración establecida entre a USC e o CSIC.



No momento actual, e xa aprobado definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, os terreos que terán como destino edificios relacionados coas Ciencias da Saúde, dentro de Campus Vida, recóllense no plano adxunto, indicando asemade os edificios que se situarán neles.



Das anteriores parcelas, aínda esta pendente de materializar a adquisición definitiva da ocupada polas casas do Banco do Pobre, tendo neste momento xa acordado co Concello un convenio polo que se compromete a entregalas á USC no prazo de dous anos. Este convenio espera poder asinarse nos próximos meses, unha vez obtida a autorización polo Concello do informe favorable á modificación do plan especial que afecta a esta zona .

Resumo actuacións para a consecución de terreos:

Terreos iniciais:

Total m2 terreos:	8.095 m2
Total m2 edificabilidade:	8.000 m2

Terreos actuais:

Total m2 terreos:	74.795 m2
Total m2 edificabilidade:	62.000 m2

2. ACTUACIÓNS CONSTRUTIVAS

En paralelo ás actuacións antes descritas para a consecución dos terreos, fanse os correspondentes estudos de detalle ordenando urbanisticamente os mesmos para proxectar a ubicación dos edificios programados, comezándose o desenvolvemento dos seguintes edificios.

Edificio Docente

Un dos primeiros proxectos que se aborda é o do Edificio Docente, contratándose a redacción do proxecto ao arquitecto D. Miguel Pérez Moreiras.

En maio de 2006 comeza a construción do Edificio Docente, a carón do CHUS, o que obrigou ao cambio de ubicación do heliporto, entrando en funcionamento a principios do ano 2009, e pasando a denominarse Edificio Docente Roberto Novoa Santos.

Ten unha superficie construída de 5.240 m², ascendendo o seu custo total, incluído proxecto, obra e equipamento a 6.982.400,80 euros.

Programa de necesidades: auditorio de 308 postos; 6 aulas de 140 postos; 6 aulas de 60 postos; 3 salas de seminarios; seminarios; sala de estudos; armarios e vestiarios alumnos; local de alumnos; conserxería e cafetería.



CIMUS

A súa vez, no marco da solicitude de axudas Feder, na convocatoria do ano 2005 solicítase un Centro de Investigación en Medicina (CIMUS), acadando 2.500.000 euros, aos que se engaden tamén fondos de Anticipos Reembolsables por importe de 5.091.000 euros. En relación con estes anticipos reembolsables, asínase posteriormente un convenio coa Consellería de Industria polo que as devolucións serán asumidas pola propia Consellería e non pola USC.

O proxecto e obra adxudícase en setembro do ano 2007, sendo o arquitecto D. Celestino García Braña, estando neste momento rematada a construción e procedéndose ao seu equipamento. O custo final do proxecto e obra ascendeu a 9.320.630,20 euros, sen IVE, aos que debe engadirse o custo do equipamento por importe de 2.791.786 euros para o mobiliario de laboratorio e 210.600 euros para o mobiliario de despachos e zonas comúns.

O edificio ten 12.945 m² construídos co seguinte programa de necesidades: 39 laboratorios xerais de investigación; 3 laboratorios secos; 46 despachos para investigadores; sala de protenómica; sala branca; sala de ultracentrífugas; sala de esterilización; sala de xenómica; sala de microscopia; 3 salas de conxeladores; 3 cámaras frías; 3 cámaras escuras; 6 salas de cultivo; área de administración; 2 áreas de descanso; sala de seminarios; 3 salas de reunións; almacén de reactivos; almacén de residuos e aparcadoiro (3.728 m²).




3. REDACCIÓN DE PROXECTOS

Ademais da redacción dos proxectos dos edificios anteriormente referidos, a USC ten desenvolvido en relación cos terreos e edificios específicos das Ciencias da Saúde as seguintes actuacións en materia de proxectos:

1. Contratación da empresa Oficina de Planeamento para a redacción da “Revisión do plan especial de ordenación do Campus PE-8 e a ordenación do ámbito universitario do Campus de Ciencias da Saúde”, na que se estimaban e argumentaban as necesidades a integrar no Plan Xeral de Ordenación Municipal –aprobado definitivamente o 3 de outubro de 2007-, e do Plan Especial do Campus –aprobado provisionalmente-. O importe deste contrato ascendeu a 101.906,00 euros.
2. O arquitecto xa contratado en 2002 para a redacción dos proxectos dos edificios relacionados co Campus de Ciencias da Saúde-Campus Vida, D. Manuel Gallego Jorreto, ten realizado a ordenación urbanística dos volumes de edificación previstos, pónoos en relación cos terreos, tendo ademais xa redactados e entregados os proxectos básicos de Odontoloxía e de Enfermería. Neste momento está a traballar no anteprojecto da Facultade de Medicina.

A cantidade xa paga, xunto co crédito retido no ano 2009 e incorporado ao 2010 para seguir facendo fronte aos pagamentos que se deriven desta asistencia técnica, ascende a 840.813,80 euros.



4. AXUDAS ACADADAS:

En relación co desenvolvemento dos edificios de Ciencias da Saúde, téñense acadado os seguintes recursos en convocatorias competitivas:

Axudas acadadas CIMUS:

CIMUS Obra:	
Feder	2.500.000,0
Anticipos reembolsables	5.091.000,0
Subtotal	7.591.000,0
CIMUS Equipamento:	
Feder	1.791.150,2
Anticipos reembolsables	767.635,8
Acteparq	233.000,0
Subtotal	2.791.786,0
TOTAL	10.382.786,0

As anteriores axudas acadadas xa están executadas ou en fase de execución, estando prevista a entrada en funcionamento do edificio CIMUS na segunda metade do ano 2010.

Xunto aos anteriores recursos, a USC conseguiu as seguintes axudas aínda non executadas: os recursos consignados no Campus de Excelencia Internacional para actuacións construtivas destinaranse á Facultade de Medicina, ascendendo a 2.800.000 euros; Para o financiamento do Centro de Biomedicina Experimental de Galicia (CEBEGA), acadáronse axudas por importe de 5.014.837,30 euros.

Axudas acadadas non executadas:

Campus de Excelencia Internacional	
Préstamos reintegrables destinados á Facultade de Medicina, sen executar.	2.800.000,0
CEBEGA	5.014.837,3
TOTAL	7.814.837,3

A mellor garantía de viabilidade da execución do Campus da Saúde é precisamente a súa integración en Campus Vida, e a consecución de Campus de Excelencia Internacional para este proxecto. Non só polos recursos xa acadados, en parte destinados, tal como se indicou, para a execución da Facultade de Medicina –debemos ter en conta que para financiar infraestruturas que non sexan especificamente de investigación non existen programas de financiamento externo, o que fixo inviable ata o momento abordar os edificios docentes do Campus da Saúde, agás o Roberto Nóvoa Santos, financiado coa operación Galeras-, senón polo pulo que esta prestixiosa etiqueta lle dá a Campus Vida e ás iniciativas de todo tipo que este proxecto abrangue. En todo caso, como tamén se dixo, a parcela prevista para a edificación da nova Facultade de Medicina non está aínda dispoñible en beneficio da USC, a pesar da predisposición que neste sentido está a mostrar o Concello de Santiago de Compostela.

4. RESUMO ECONÓMICO

O resumo económico do xa executado ata o de agora en relación cos edificios e a consecución de terreos do Campus de Ciencias da Saúde-Campus Vida é o seguinte:

RESUMO ECONÓMICO

Investimentos (gastos):	
Edificio Docente Roberto Novoa Santos	6.982.400,8
Proxecto	343.939,2
Obra	6.190.644,5
Equipamento	447.817,1
CIMUS (Obra e equipamento)	12.323.016,2
Proxecto e obra	9.320.630,2
Equipamento Laboratorios (*)	2.791.786,0
Equipamento Oficina (*)	210.600,0
Redacción externa de proxectos	840.813,8
Redacción de proxectos Ofic. Planeamento	101.906,0
TOTAL	20.248.136,8
Financiamento:	
AXUDAS ACADADAS	10.382.786,0
ACHEGAS USC RECURSOS PROPIOS	9.865.350,8

(*) En execución polo que poden darse pequenas variacións

As achegas realizadas pola USC dos seus recursos propios deben ser postas en relación co resultado do desenvolvemento da parcela e do antigo Hospital de Galeras –ver informe ao respecto colgado nesta páxina- que, sen ter en conta o posible valor do Antigo Hospital é:

RESUMO OPERACIÓN GALERAS

Ingresos venta terreos:	+ 22.330.000,0
Pago T. Seguridade Social	- 4.554.457,4
Gastos derrubo e Urbanización	- 1.980.097,0
Gastado no exercicio 2001	- 6.000.000,0
SALDO DISPOÑIBLE	9.795.445,6

Como se pode comprobar, a totalidade dos recursos obtidos do desenvolvemento da parcela e antigo Hospital de Galeras dende o ano 2002, que ascenden a cantidade de 9.795.445,6 euros, téñense investido en actuacións relacionadas co desenvolvemento do Campus de Ciencias da Saúde. A esta cantidade deben engadirse 10.382.786 euros acadados en axudas competitivas xa executados, e 7.814.837,3 euros de axudas acadadas pendentes de executar.

Se deste informe se derivase algunha dúbida, non deixen de consultala no enderezo de correo electrónico que aparece nesta páxina.

[Prema aquí](#) se quere acceder a máis información sobre a situación económica da USC.